



Sindicato de

Traballadores/as da

Administración de

Xustiza

SINDICATO INDEPENDIENTE ESPECÍFICO DE XUSTIZA

A Coruña (Paco) **609.292.438**
Ferrol (María) **658.615.515**
Santiago (María José) **673.618.911**
Pontevedra (Kike) **605.128.068**
Vigo (Julián) **647.401.860**
Lugo (José Luis) **649.778.142**
Ourense (Conchi) **655.805.810**
e-mail:stajgalicia@gmail.com

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Rúa Madrid, 2-4 andar – Fontiñas
15781- Santiago de Compostela

ENRIQUE ARAÚJO MARTÍNEZ, en calidade de Secretario Xeral do sindicato STAJ en Galicia

EXPÓN

A comunidade científica mundial unida á comunidade de enxeñería industrial recoñecen de forma abrumadora como PRINCIPAL vía de contaxio os aerosoles emitidos dentro das oficinas ao falar ou berrar, estornudar, toser etc...

Ao estar dentro das oficinas xudiciais emitimos aerosoles que quedan suspendidos no aire durante horas e que favorecen o contaxio entre as persoas que comparten oficina. Esta posibilidade de contaxio, pódese reducir con facilidade cunha axeitada ventilación, ben sexa natural ou artificial. Se podemos medir a calidade da ventilación nun espazo, podemos melloralala. E para medila hai que establecer protocolos eficientes de ventilación.

Segue sendo prioritario dotar de máscaras de protección alta (FFP2) ás persoas que realizan funcións fóra da sede xudicial – SCNE, persoal das Vilas e auxilios con práctica de dilixencias fóra de sede xudicial- (deben aproximarse ás persoas que están nos seus domicilios e que saen moitas veces sen ningunha protección, polo que resulta insuficiente a máscara quirúrxica para evitar o contaxio). Do mesmo xeito, as persoas de continua atención ao público (xulgados de garda, atención á vítima e ao cidadán, rexistro civil, Decanatos, Imelgas e Xulgados de Paz) están expostas de xeito continuado á presenza de persoas que, se ben é obrigatorio que leven máscaras de protección, moitas veces lévana mal posta, sucia e inservible, ou de tela (que están prohibidas nos propios centros sanitarios galegos para acceder a eles) polo que o resultado é igual que se non a levaran, co conseguinte risco que iso implica. Asemesmo, hai un colectivo importante de persoal que ten patoloxías previas que agravan a enfermidade da COVID. Estas persoas xa teñen recoñecida a súa vulnerabilidade nos informes emitidos polo servizo de prevención de riscos, nos que a súa protección debe ser mais alta (incluso está reflectida en varios informes emitidos por este servizo) e, polo tanto, tamén se debe dotar de máscaras FFP2.

De nada serve que teñamos acceso ás máscaras quirúrxicas se só o temos por un pouco mais da metade do tempo traballado. E dicir, estas máscaras teñen validez para 4 horas, o horario é de 7 horas, polo tanto, hai 3 horas nos que a máscara está baixando a súa capacidade de filtración favorecendo o contaxio entre o persoal

Por todo o exposto:

STAJ SOLICITA

